



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2020/G010/000004	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de marzo de 2020
Duración	Dende as 12,46 horas ata as 14,50 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de Fraides
Presidida por	ROBERTO REY MARTÍNEZ
Secretaria	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ
35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaria** a válida constitución do órgano, o presidente abre a



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- ASUNTO.: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de borrador repartido coa convocatoria, a seguinte acta:

- Acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 18 de febreiro de 2020.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Formúlase polos grupos municipais a seguinte observación: Deberá constar sesión "extraordinaria" non "ordinaria".

A Secretaria informa de que foi un erro de transcripción.

Unha vez se corrixa, o Pleno, por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 18 de febreiro de 2020.

2.- ASUNTO.: DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 12/2020 ata o número 53/2020, en formato PDF.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

3.-ASUNTO.: RATIFICACIÓN DO DECRETO Nº 53/2020 DE APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PLAZO-MARCOS ORZAMENTARIOS 2020-2023 DO CONCELLO DE FRADES.-

O Sr. Alcalde- Presidente procede a dar lectura ao Decreto da Alcaldía nº 53.2020, co teor literal seguinte:

<<EXPEDIENTE Nº: 2020/X998/000001

ASUNTO: ADOPCIÓN DO ACORDO PARA APROBAR O MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO PARA O PERÍODO 2021-2023, SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 29 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA.

Roberto Rey Martínez, en base ao disposto no artigo 29 da LO/2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, visto o Informe de Intervención,
RESOLVO:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

PRIMEIRO. Aprobar o marco orzamentario a medio prazo 2020-2023, segundo o establecido no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, co desglose que se achega como anexo a este expediente, tendo en conta a taxa de crecemento da economía, aprobada polo goberno:

EXERCICIO 2021	EXERCICIO 2022	EXERCICIO 2023
3,00%	3,20%	3,30%

SEGUNDO. Remitir o mesmo a través da Plataforma Autoriza antes do 15 de marzo do 2020.

TERCEIRO. Que se de conta o Pleno da Resolución da Alcaldía na seguinte sesión que se celebre para a súa ratificación.>>

A continuación, as Secretaria-Interventora procede a explicar os marcos orzamentarios.

Tras as deliberacións expostas anteriormente, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e catro abstencións, dos concelleiros do grupo municipal do PSOE, e BNG-grupo mixto, ACORDA ratificar o Decreto da Alcaldía nº 53.2020, nos seus mesmos termos.

PUNTO ADICIONAL.- A continuación, o Alcalde-Presidente propón incluír por urxencia un asunto na orde do día. Trátase dunha **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP, DO DÍA DA MULLER, CON MOTIVO DO 8M.**

O Pleno, por unanimidade acorda a urxencia da declaración, e conseguintemente, a inclusión dese punto na orde do día da sesión.

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra á concelleira do grupo municipal do PP e única muller concelleira deste Pleno, para que proceda á lectura da seguinte declaracións institucional, co teor literal que se expón a continuación:

<< **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DE LA MUJER 2020**

Al cumprirse 25 años desde que la Plataforma de Acción de Beijing dictaminó el plan de acción para eliminar la práctica arraigada que niega la participación pública equilibrada de las mujeres en todo el mundo, los Ayuntamientos, Diputaciones, Cabildos y Consells Insulars reunidos en la FEMP declaramos, un año más, nuestra firme voluntad de continuar construyendo una sociedad justa, donde hombres y mujeres tengan los mismos derechos y donde niñas y niños crezcan en igualdad de oportunidades, con independencia de su género.

Cada Día Internacional de la Mujer, gobiernos, instituciones públicas y privadas, asociaciones civiles, agentes sociales y ciudadanía salen a las calles de nuestros pueblos y ciudades para hacer balance de los logros alcanzados y exigir, con una única voz, el



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

cumplimento de las medidas, tantas veces acordadas, que garanticen, en nombre del derecho y de la justicia, una sociedad paritaria y participativa.

Este año conmemoramos también el 5o aniversario de la aprobación de la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible y su firme compromiso para lograr el empoderamiento de todas las mujeres, reconociendo la importancia de una agenda global alrededor de una agenda compartida. Por ello, renovamos nuestro compromiso con el fomento de la participación de los Gobiernos Locales en la elaboración y revisión de estrategias de igualdad y en el fomento del diálogo multinivel con los diferentes ámbitos de la Administración Local, Autonómica, Estatal, Europea e Internacional.

Este 2020, el 8 de marzo cobra una especial importancia porque a la revisión de los logros es preciso sumar su defensa y su protección. Debemos seguir reuniendo esfuerzos, desde la legalidad y la equidad y con las voces de todas y de todos, para que las mujeres vivan libres de miedo, perciban el mismo salario por un trabajo de igual valor y estén representadas, en igualdad, en los órganos de decisión políticos y empresariales para propiciar su participación en una sociedad que es tan suya como la del resto.

Y para ello, corresponsablemente, hombres y mujeres debemos impulsar el camino que permitirá crear y consolidar economías y sistemas sociales y políticos basados en la defensa de los derechos y libertades fundamentales y en la que los Gobiernos Locales debemos asegurar su desarrollo en pie de igualdad.

En definitiva, para que la igualdad de género sea una realidad.

Por todo ello, los Gobiernos Locales, reunidos en la FEMP, proponemos las siguientes iniciativas:

- Invitar a todas las Entidades Locales a adherirse a esta Declaración y nos sumamos a todas las voces que claman por un futuro sin discriminación por razón de género, donde hombres y mujeres formen parte de nuestra sociedad en igualdad de derechos y responsabilidades.

- Reconocemos las medidas de la Plataforma de Acción de Beijing como eje estratégico de trabajo y asumimos, como propias, las esferas de especial preocupación: pobreza, educación y capacitación, salud, violencia, conflictos armados, economía, poder y toma de decisiones, mecanismos institucionales, derechos humanos, medios de comunicación y medio ambiente.

- Reafirmar nuestro compromiso con la ciudadanía y con sus necesidades, con la igualdad de trato y de oportunidades y con el mandato constitucional que persigue el pleno establecimiento de una igualdad real y efectiva.

- Reconocemos que la desigualdad se fundamenta en creencias y comportamientos con base estructural diversa, y asumimos la importancia de promover acciones formativas y de sensibilización social.

- Ratificamos nuestro compromiso con la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible y con su Objetivo no 5, relacionado con la Igualdad de Género, y reconocemos a los



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

colectivos víctimas de discriminación múltiple, muchas veces ocultos hasta ahora, como el de las mujeres con discapacidad.

- Insistimos en la necesidad de intensificar los esfuerzos en el desarrollo de políticas encaminadas a fomentar el empleo y el emprendimiento, la educación para la igualdad de oportunidades, la incorporación de las mujeres a la sociedad de la información y el apoyo a las mujeres que viven en el ámbito rural.

- Reclamamos la necesidad de dotar a las Entidades Locales de los medios necesarios para llevar a cabo las competencias fijadas en el Pacto de Estado en materia de Violencia de Género para garantizar el impulso de actuaciones que contribuyan a la convivencia, el progreso y el desarrollo social y económico sostenible.>>

A continuación, o voceiro do BNG-grupo mixto intervén para dicir que lle gustaría que a declaración estivese en galego. O voceiro do PSOE ratifica a consideración realizada polo voceiro do BNG-Grupo mixto.

O Sr. Alcalde-Presidente explica que está en castelán porque se trata dunha declaración da Federación Española de Municipios e Provincias.

O Pleno, por unanimidade acorda a adhesión á declaración.

4.-ASUNTO.: EXPTE Nº 2020/C006/000002. APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA (CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE) E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE FRADES E APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "CENTRO SOCIOCOMUNITARIO NO LUGAR DE PONTECARREIRA. PARROQUIA DE GAFOI".-

O Sr. Alcalde- Presidente da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

EXPTE Nº: 2020/C006/000002

ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA (CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE) E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE FRADES E APROBACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO SOCIOCOMUNITARIO EN PONTECARREIRA.

Visto o borrador do Convenio recibido neste Concello, denominado CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA (CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE) E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE FRADES, polo que se concede ao Concello de Fraides unha subvención por importe de 200.000,00 euros para a construción dun Centro Socio Comunitario, coas seguintes anualidades:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

2020.....75.000,00 euros

2021.....125.000,00 euros

Logo de ver o proxecto CENTRO SOCIOCOMUNITARIO NO LUGAR DE PONTE CARREIRA, PARROQUIA DE GAFOI a petición deste Concello ao abeiro do dito Convenio, por importe total de 350.000,00 euros, redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez, colexiado nº 2261 do COAG.

Logo de ver que o financiamento da Xunta de Galicia ascende á contía de 200.000,00 euros, tendo que aportar o Concello de Frades 150.000,00 euros con fondos propios. O financiamento é do 57,14%.

Logo de ver o Informe favorable da arquitecta municipal no que se verifica que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto, conforme o artigos 124 a 137 do Regulamento de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Visto o Informe técnico que verifica que os bens inmobles nos que se vai actuar no Proxecto son bens de dominio público, de titularidade do Concello de Frades, e se atopan dispoñibles para a realización das actuacións do dito Proxecto; e se informa sobre as autorizacións sectoriais precisas para a súa execución.

ESTA ALCALDÍA- PRESIDENCIA PROPÓN AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto denominado CENTRO SOCIOCOMUNITARIO NO LUGAR DE PONTE CARREIRA, PARROQUIA DE GAFOI por importe total de 350.000,00 euros, redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez, colexiado nº 2261 do COAG.

SEGUNDO. Aprobar o Texto de CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA(CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE) E O CONCELLO DE FRADES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE FRADES, e facultar ao Alcalde- Presidente para a sinatura do mesmo.>>

A continuación, o Sr. Alcalde- presidente explica que o proxecto é do 2016, no 2017 presentóuselle al conselleiro de Política Social, D. Manuel Rey, e, no ano 2019 reanudáronse as conversas coa nova conselleira de Política Social, Dona Fabiola García que ven de aprobar unha achega para este centro socio comunitario que se resolveu este ano, a Xunta nos outorga unha subvención de 200.000,00 euros para construír un centro para xente maior de 60 anos. Trátase de ter un local adaptado para realizar actividades dirixidas a maiores, como podoloxía, fisioterapia, ximnasia para maiores... nun lugar acolledor e acondicionado.

Non se trata dun Centro de día senón dun Centro Sociocomunitario.

A continuación, o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao voceiro do BNG-GRUPO MIXTO, D. Manuel Míguez Villaverde, que intervén para preguntar se no centro de Boimorto non teñen todas as prazas ocupadas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

A continuación intervén o voceiro do PSOE, D. Enrique Astray Otero, que propón optar por un modelo que funcione.

O Sr. Alcalde sinala que no Concello de Boimorto existen tensións de tesouraría que xera o ter que manter tanto persoal, e afirma que: <<Aquí a xente prefire ter axuda no fogar e non pasar parte do día nun centro de día.>>.

O voceiro do BNG-GRUPO MIXTO intervén para dicir que <<No Concello de Boimorto teñen persoal propio, do propio Concello. Poderíamos crear máis postos de traballo. >>

O Alcalde responde que: <<Aquí dáselle ao servizo de axuda de fogar a todas as persoas que o necesitan e non hai lista de espera. En Frades imos a solicitar unha ou dúas "Casas do maior", que son coma mini Centros de día, pero gratuítos, xestionados por unha persoa autónoma do Concello, e darán servizo cada unha ata 5 persoas con dependencia grao 1 ou 2, e alí están de luxo e moi ben coidados. Eu falei coa Xunta no seu tempo para construír un Centro de día, pero as experiencias doutros Concellos son que non se están ocupando as prazas porque a xente prefire estar nas súas casas e non ocupar un Centro de día. Hoxe en día viría xente de fóra e non os propios maiores de Frades, e o Concello tería que manter igualmente o Centro de día. Un exemplo é o de Curtis ou Cerceda que non teñen as prazas cubertas. Por iso optouse por un centro socio comunitario propio.>>

A continuación, o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao voceiro do BNG-GRUPO MIXTO que intervén para preguntar sobre o proxecto redactado dende o 2016, e a continuación realiza unha andaina histórica: <<Anxo Quintana lle deu para adiante á subvención ao Concello de Frades para a construción dun Centro de día. O alcalde anterior non fixo nada. Fixo promete facer un Centro de día nos xornais que dicían que ascendería a 700.000,00 euros. Isto foi no 2012, con maioría absoluta do PP na Deputación, na Xunta e no Estado. Entón...¿Por que hoxe existe outro proxecto de menor envergadura? Estou por iso un pouco escéptico con respecto a esta cuestión.>>.

A continuación, o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao concelleiro do PSOE D. Aurelio Garea que intervén para preguntar por que os datos non lle chegaron antes.

O Sr. Alcalde- Presidente responde que o Proxecto estivo en dependencias municipais dende que se convocou o Pleno, e nos asuntos incluídos na orde do día.

Explica o voceiro do PSOE, Don Enrique Astray, que por razóns persoais non se pode acercar ao Concello para ver o Convenio, e gustaríalle haber recibido a documentación previamente.

A continuación, o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao concelleiro do PSOE, D. Aurelio Garea, que sinala que o Concello de Frades vive un pouco ás expectativas do que din na Xunta.

O Sr. Alcalde- Presidente procede a explicar: <<Nós non podemos ir por libre, temos que adaptarnos. A Xunta entende que as necesidades son outras porque evidentemente a Sociedade cambia e se vai adaptando ás novas circunstancias. Nós, como Concello, temos que ir adaptándonos ás preferencias dos nosos/as veciños/as. E neste momento, queremos apostar por isto para aproveitar o financiamento da Xunta que nos concede a



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

través desta subvención de 200.000,00 euros, e por suposto non renunciar a ela, para que a leven outros Concellos.>>

O voceiro do PSOE intervén para dicir que non comparte o criterio dado que preferiría en lugar dun centro socio comunitario, un Centro de día.

A continuación intervén o voceiro do PP, D. Manuel Ferreiro Marzoa <<Cando empezastes tiñades que empezar ben. O Concello de Frades tiña que comprar un terreo se non Anxo Quintana non poñía diñeiro para o Centro de día. Isto si que é "vender fume". Hai que ter o mesmo ollo cando se expón para un lado que para outro. Non nos daban ningunha subvención senón tiñamos previamente un terreo. Cando se fai un relato histórico hai que contalo todo. A historia hai que contala dende o principio, e por tanto tiñas que haber empezado dicindo; sendo Miguel Prado Patiño Alcalde de Frades e Presidente da Mancomunidade de Ordes o Sr Anxo Quintana concedeulle una entrevista e prometeulle un Centro de día para Frades e outro par a Mancomunidade. A única condición para Frades era dispoñer dun terreo. Frades atopouno en Ponte Carreira e pagou por el uns 24.000,00 euros, e a partir disto non se soupo máis; nin entrevista ,nin Centro de día...Iso si que é vender fume ou embarcar un Concello pequeno. Do da mancomunidade xa non falamos. Por iso non me fale de lentitude. Feijoo recuperouno e puxo diñeiro para o proxecto...pero como ben lle explicou o alcalde había moitas razóns en contra:-a xente non quere ir o centro de día, -non se cobren as prazas,-custe moi elevado para un concello pequeno, e, a maioría dos usuarios non serían empadroados . Naquel momento tódolos concellos querían un Centro de día, agora hai que ver a realidade da xente e adaptarse . Resumindo, hai que ter o mesmo ollo cando se fala duns e doutros.>>

O voceiro do BNG-GRUPO MIXTO intervén para dicir que, se nalgún comentario equivoqueime asúmoo. É certo que foron dous anos nos que a tramitación foi lenta, pero tamén outros catro, e outros catro, e outros catro.

O Sr. Alcalde- Presidente procede a explicar: <<Cando tomei posesión como Alcalde, foi o primeiro que prometín, facer un Centro de día. Pero despois de saber varias cousas: o que tiñamos que asumir, as necesidades do Concello, que só poden ir persoas, non con necesidades xeris, senón con grao de dependencia, como funciona un Centro de día, despois de ver que noutros Concellos hai prazas vacantes... e logo de ver o que expliquei con respecto á demanda dos nosos veciños e veciñas de Frades, temos que adaptarnos á nova situación, como expliquei anteriormente, e aproveitar a subvención que nos ofrece a Xunta de Galicia neste momento. O ideal sería ter un gran Centro de día comarcal e de varios Concellos, o problema é a situación do mesmo porque todos queren ubicalo no seu Concello.>>

Tralas deliberacións expostas anteriormente, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e catro votos en contra, dos concelleiros do grupo municipal do PSOE, e BNG- grupo mixto, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

5.- EXPTE Nº: 2019/X999/000002. ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO <<PISTA EN ANSEMONDE>> PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.-

O Sr. Alcalde- Presidente procede a explicar a problemática desta pista de titularidade municipal.

A continuación da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

EXPTE Nº: 2020/X999/000002

ASUNTO: ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO "PISTA EN ANSEMONDE" PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.

PRIMEIRO. Por Providencia de Alcaldía incoouse procedemento para propoñer ao Pleno Municipal o acordo da alteración da cualificación xurídica [desafectación] do camiño público denominado "Pista en Ansemonde".

Lugar	Parroquia	Parcela	Polígono	Referencia catastral
Ansemonde	Abellá	9034	503	15039C503090340000TH

propiedade do Concello converténdose nun ben de carácter patrimonial posto que se considerou oportuno e conveniente, dentro da legalidade, dita desafectación para proceder á súa posterior permuta.

As características do camiño son as seguintes:

- - Situación xeográfica da pista: Lugar de Ansemonde, Parroquia de Abellá.
- Polígono: 503
- Parcela: parte da 9034
- Referencia catastral: parte da 15039C503090340000TH
- Superficie pista: 296 m2.
- Lindeiros pista:

Norte, parcela 5015 do polígono 503 e resto de pista.

Sur, parcela 2 do polígono 503 e resto de pista.

Este, parcela 2 do polígono 503.

Oeste, parcela 5015 do polígono 503.

- Uso e servizo público: A pista é un camiño público que aínda que no seu trazado de planos está apegado as edificacións, a realidade física indica que está transcorrendo por parte da parcela 2 do polígono 503.
- Froitos e rendas: Non ten.

SEGUNDO. Con data 04.03.2020 emitíuse informe polos Servizos Técnicos Municipais en relación co ben obxecto de desafectación.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

TERCEIRO. Non consta anotación do ben no Inventario de Bens deste Concello como ben de dominio público, debido a que este Concello carece de inventario municipal. No Informe da técnico municipal se cualifica o camiño como público. Entende ademáis que realizada a consulta ao Rexistro da Propiedade de Ordes, compróbase que as pistas e camiños de titularidade municipal non se encontran rexistrados.

Visto canto antecede, e considerándose que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, en virtude do artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e dos artigos 22.2. l) e 47.2. n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica camiño público referenciado no tramo indicado polos servizos técnicos pasando de ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período preséntense as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o expediente estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.>>

Tralas deliberacións expostas anteriormente, o Pleno por unanimidade, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

6.- EXPTE Nº: 2019/X999/000003. ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO <<PISTAS EN A CHEDA>> PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.-

O Sr. Alcalde- Presidente procede a explicar a problemática desta pista de titularidade municipal.

A continuación da lectura á proposta da Alcaldía co teor literal seguinte:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

EXPTE Nº: 2019/X999/000003

ASUNTO: ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DO CAMIÑO PÚBLICO DENOMINADO "PISTAS EN A CHEDA" PARA A SÚA POSTERIOR PERMUTA.

PRIMEIRO. Por Providencia de Alcaldía de data 20.02.2020 incoouse procedemento para propoñer ao Pleno Municipal o acordo da alteración da cualificación xurídica [desafectación] do camiño público denominado "Pista en A Cheda"

Lugar	Parroquia	Parcela	Polígono	Referencia catastral
-------	-----------	---------	----------	----------------------



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coñía)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

			0	
A Cheda	Abellá	9003	503	15039B503090030000AW

propiedade do Concello converténdose nun ben de carácter patrimonial posto que se considerou oportuno e conveniente, dentro da legalidade, dita desafectación para proceder á súa posterior permuta.

As características do camiño son as seguintes:

- *Situación xeográfica das dúas pistas: Lugar de A Cheda, Parroquia de Abellá.*
- *Polígono: 503*
- *Parcela: parte da 9003*
- *Referencia catastral: parte da 15039B503090030000AW*
- *Superficie pista 1: 2.405 m2.*
- *Superficie pista 2: 353 m2.*
- *Superficie total de pistas a modificar de cualificación xurídica: 2.758 m2.*
- *Lindeiros pista 1: Norte, parcelas 270, 271 e 5058 do polígono 503. Sur, parcela 490 do polígono 520 e parcelas 272, 273 e 566 do polígono 503. Este, parte de pista da mesma parcela e referencia catastral. Oeste, parcela 490 do polígono 520.*
- *Lindeiros pista 2: Norte, parcela 269 do polígono 503. Sur, parcela 5058 do polígono 503. Este, parte de pista da mesma parcela e referencia catastral. Oeste, parcela 5058 do polígono 503.*
- *Uso e servizo público: A pista é un camiño público que só dá acceso ás parcelas propiedade da solicitante pasando polo medio de todas as edificacións que compoñen a súa explotación gandeira.*
- *Froitos e rendas: Non ten.*

SEGUNDO. *Con data 02.03.2020 emitíuse informe polos Servizos Técnicos Municipais en relación co ben obxecto de desafectación.*

TERCEIRO. *Non consta anotación do ben no Inventario de Bens deste Concello como ben de dominio público, debido a que este Concello carece de inventario municipal. No Informe da técnico municipal se cualifica o camiño como público. Entende ademais que realizada a consulta ao Rexistro da Propiedade de Ordes, compróbase que as pistas e camiños de titularidade municipal non se encontran rexistrados.*

Visto canto antecede, e considerándose que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, en virtude do artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e dos artigos 22.2. l) e 47.2. n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica camiño público referenciado no tramo indicado polos servizos técnicos pasando de ben de dominio público a ben patrimonial.*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dioruna.es

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período preséntense as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o expediente estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.>>

Tralas deliberacións expostas anteriormente, o Pleno por unanimidade, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.

7.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2020.-

Para o fin de dar cumprimento ao indicado no artigo 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, cumpridas todas as formalidades legais establecidas, este Concello, logo do oportuno sorteo, formou as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

Distrito	1
Sección	1
Mesa	A
Colexio Electoral	CASA DO CONCELLO
Dirección	LUGAR CIMADEVILA NUM: 10 CIMADEVILA FRADES (SAN MARTIÑO)

Cargo	Apelidos e Nome	Documento	Nº Elector
	Dirección		
Presidente	GONZALEZ MOSQUERA, NOEMI REYES LUGAR POMARIÑO - PAPUCIN Núm. 4	78810098T	130
1º Suplente	PAZ RODRIGUEZ, MAURO LUGAR SAN AMARO Núm. 6 And: P01	78811794V	237
2º Suplente	SANCHEZ TORRADO, VANESA LUGAR IGREXA (A) - PAPUCIN Núm. 5	78805893G	312
Primeiro Vocal	PRADO PAZ, JOSE ANGEL . SIN VIA Núm. 6 - TARRIO	79317294T	255
1º Suplente	ALVAREZ PAZ, ANTONIO . SIN VIA Núm. 3 - PAPUCIN (SANTA MARIA) - OUTEIRO	76363617Y	3



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

2º Suplente	PAZ GARCIA, JOSE LUGAR SAN AMARO Núm. 6	76337754H	228
Segundo Vocal	MARTINEZ CARNOTA, ADRIAN LUGAR CIMADEVILA Núm. 8	78812321S	187
1º Suplente	SANJURJO REY, LUCIA LUGAR CIMADEVILA Núm. 9	78812322Q	316
2º Suplente	ALVAREZ SOUTO, MARIA DEL MAR LUGAR QUINTA Núm. 7	79318222P	5

Distrito	1
Sección	1
Mesa	B
Colexio Electoral	LOCAL SOCIAL DE CELTIGOS
Dirección	LUGAR ALEMPARTE S/N ALEMPARTE CELTIGOS (SAN XULIAN)

Cargo	Apelidos e Nome	Documento	Nº Elector
	Dirección		
Presidente	BODELO LOPEZ, TAMARA LUGAR ALEMPARTE Núm. 8	46903634X	23
1º Suplente	PEREZ SOUTO, ALEJANDRO LUGAR CAMPODURO Núm. 15	76352681H	168
2º Suplente	VARELA GOMEZ, RUBEN . SIN VIA Núm. 1 - VILARXOAN	54129602E	220
Primeiro Vocal	VAZQUEZ IGLESIAS, CONSUELO LUGAR LOUREIROS Núm. 4	33282902Q	226
1º Suplente	AGUIAR FARALDO, MARIA JESUS . SIN VIA Núm. 3 - VILARXOAN	76340469L	3
2º Suplente	MENDEZ RIVADULLA, NOELIA LUGAR CAMPO - VITRE Núm. 10	44838556X	134
Segundo Vocal	VARELA GOMEZ, DANIEL . SIN VIA Núm. 1 - VILARXOAN	78811873G	219
1º Suplente	LOPEZ MANTEIGA, JOSE LUIS . SIN VIA Núm. 5 - CASAL	76359441Q	107



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

2º Suplente	GOMEZ SANCHEZ, FRANCISCO JAVIER	45846379L	82
	. SIN VIA Núm. 1 - VILARXOAN		

Distrito	1
Sección	1
Mesa	C
Colexio Electoral	COLEXIO PUBLICO INTEGRADO DE PONTE CARREIRA
Dirección	RUA ENSINO S/N PONTE CARREIRA GAFOI (SANTA MARIÑA)

Cargo	Apelidos e Nome	Documento	Nº Elector
	Dirección		
Presidente	RILO RAMOS, DAVID	45849992K	394
	LUGAR FONTE MAIOR Núm. 5		
1º Suplente	PRADO FERNANDEZ, MARIA	45908429S	371
	. SIN VIA Núm. 1 - AÑA (SANTA MARIA) - IGREXA (A)		
2º Suplente	SOUTO LOPEZ, ANA MARIA	76363635R	440
	LUGAR COBELO Núm. 5		
Primeiro Vocal	ANDRADE GOMEZ, JUAN CARLOS	32815076X	3
	RUA CAMPO DA FEIRA Núm. 7		
1º Suplente	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, MARIA	76359446K	406
	LUGAR QUINTAS Núm. 5		
2º Suplente	CALVO ROCA, DELIO	33853771W	68
	LUGAR SIBIO Núm. 7		
Segundo Vocal	IGLESIAS REY, ANA	78804873L	259
	LUGAR VILAR - GAFOI Núm. 3		
1º Suplente	PENAS SANCHEZ, MARIA JESUS	76352162M	355
	RUA SANTIAGO Núm. 6		
2º Suplente	BUDIÑO CREGO, BEATRIZ	45870823Z	58
	. SIN VIA Núm. 3 - AÑA (SANTA MARIA) - BOUZAMONTE		

Distrito	2
Sección	1
Mesa	A
Colexio Electoral	LOCAL SOCIAL DE MOAR



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Dirección LUGAR IGREXA (A) - MOAR S/N FONTE SANTAIA MOAR (SANTA EULALIA)

Cargo	Apelidos e Nome	Documento	Nº Elector
	Dirección		
Presidente	GOMEZ MARTINEZ, ANXELA . SIN VIA Núm. 9 - PAZO	46096418W	205
1º Suplente	RODRIGUEZ REY, MANUEL . SIN VIA Núm. 5 - PAZO	76361560L	472
2º Suplente	PEREIRO FIEIRA, MONICA LUGAR IGREXA (A) - AIAZO Núm. 6	46907902T	377
Primeiro Vocal	BOTANA SUAREZ, MANUEL LUGAR REBOREDO - GALEGOS Núm. 18	47353277A	45
1º Suplente	SANCHEZ MATO, PABLO . SIN VIA Núm. 24 - PAZO	79332527F	491
2º Suplente	MOSQUERA RIAL, MONICA . SIN VIA Núm. 7 - PAZO	44821428V	336
Segundo Vocal	CARRO FERNANDEZ, ENRIQUE LUGAR FONTELO Núm. 18	76359410P	83
1º Suplente	VIQUEIRA SUAREZ, PAULA LUGAR CAMPO - MOAR Núm. 2	46096296H	573
2º Suplente	GARCIA PAZ, JOSE MARIA LUGAR TORRE Núm. 10	79324041P	184

Distrito 2

Sección 1

Mesa B

Colexio Electoral LOCAL SOCIAL DE ABELLA

Dirección LUGAR VEDRAL S/N TABERNA ABELLA (SANTO ESTEVO)

Cargo	Apelidos e Nome	Documento	Nº Elector
	Dirección		
Presidente	COBAS DOMINGUEZ, JOSE LUIS . SIN VIA Núm. 3 - ABELLA (SANTO ESTEVO) - GASALLA	11392645D	69
1º Suplente	PEDREIRA SANJURJO, IRIA LUGAR PEÑASCO Núm. 10	44826822Y	261



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

2º Suplente	MENDEZ SANJURJO, MANUEL ANGEL LUGAR ANSEMONDE Núm. 4	34891123P	210
Primeiro Vocal	PERNAS MOAR, JUAN CARLOS LUGAR MARIS Núm. 2	79314183V	270
1º Suplente	SEOANE MARZOA, FRANCISCO MANUEL LUGAR PAZO - ABELLA Núm. 6	76361563E	386
2º Suplente	MENDEZ MANDAYO, ANDREA LUGAR TABERNA Núm. 5	78809931V	198
Segundo Vocal	SUAREZ PEDREIRA, MANUEL LUIS LUGAR SOBRE DOS CAMPOS Núm. 11	76352822K	403
1º Suplente	MARZOA FANDIÑO, DANIEL . SIN VIA Núm. 2 - ABELLA (SANTO ESTEVO) - PIBIDEIRA	47359420M	173
2º Suplente	VILLASENIN CARNEIRO, RAQUEL . SIN VIA Núm. 3 - ABELLA (SANTO ESTEVO) - CASTRO	46903664V	445

No suposto que por causas excepcionais non fose posible notificar a algunha das persoas que resultaron designadas membros das mesas, será notificada a persoa que ocupe o décimo posto seguinte e que reúna as condicións sinaladas na lexislación vixente por número de orde no censo electoral e a partir de ahí, no seu caso o seguinte por número de orde do censo electoral e así sucesivamente.

8.- MOCIÓNS.-

8.1.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE FRADES PARA INSTAR AO GOBERNO GALEGO A NON RECORTAR O PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS.-

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao voceiro do PSOE, que procede á lectura da moción presentada por rexistro de entrada deste Concello en tempo e forma, co teor literal seguinte:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE FRADES PARA INSTAR AO GOBERNO GALEGO A NON RECORTAR O PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS

O Grupo Municipal dos Socialistas de Frades, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o Plan Marco da Xunta de Galicia para a mellora de camiños rurais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.dioruna.es

A Xunta de Galicia vén de publicar a resolución pola que se aproba o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021, un relevante instrumento de cooperación e axuda financeira ás entidades locais da comunidade, que periodicamente impulsa a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería do Medio Rural.

Este plan ten como principal obxectivo subvencionar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños rurais, co fin de renovar esta rede viaria que serve de acceso ás explotacións agrícolas do seus territorios, mellorando considerablemente a deficiente accesibilidade ás parcelas de cultivo. Preténdese con estas melloras dar un impulso ao desenvolvemento e á modernización da agricultura galega.

Segundo detalla a propia Xunta, estes camiños rurais "facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal", xa que "facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado".

Sen embargo, para o presente ano 2020 e para o próximo 2021, o goberno galego aplicou un importante recorte aos fondos públicos que dedicaba a este fin. Así pois, para o período 2020-2021 prevé unha dotación máxima para financiar axudas de 11.974.836 euros (5,9 millóns cada ano), con cargo aos orzamentos da Agader.

Iso son catro millóns de euros menos que os destinados pola Xunta para o período 2017-2018, cando presupostou 15.998.687 euros para este mesmo fin máis outros 4 millóns de € menos dende o ano 2016 cando se presupostou case 20 millóns de € (19.998.110€). E iso a pesar de que a presente convocatoria está cofinanciada nun 75% a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da Unión Europea.

Segundo o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, esta ía ser a "lexislatura do rural", unha lexislatura "cun proxecto claro de futuro no que avanzaremos en tres sentidos que son a aposta pola calidade, a reestruturación e a diversificación", o goberno galego aplica agora unha redución millonaria dos fondos para potenciar o desenvolvemento do rural.

Estas axudas para camiños rurais son, en moitos casos, o único crédito directo en forma de subvención que reciben os concellos da administración autonómica, polo que aínda é menos comprensible que se aplique unha redución orzamentaria tan drástica.

Os criterios de reparto destes cartos públicos entre os municipios foi consensuada coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Partíuse dunha asignación fixa para cada municipio e o resto dos cartos distribúese en función do número de habitantes, da poboación residente, da superficie do seu territorio, da taxa de despoboamento, do envellecemento dos seus habitantes ou da súa agrariedade.

A maiores, tamén queremos resaltar que este ano a Xunta de Galicia cambiou algúns dos requisitos para optar á percepción desta axuda, resultando imprescindible a xustificación da alta de seguro agrario de cando menos, dúas fincas beneficiarias no transcurso do camiño, algo que suporá que, dado o minifundismo existente nesta provincia, lle resulte altamente complicado e existan concellos que non podan optar á solicitude da axuda.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

En concreto, o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021 baixou en 1.271.493 euros na provincia da Coruña con respecto a 2017-2018 e en 2.553.239€ na última lexislatura de Núñez Feijóo.

A redución de fondos é homoxénea e afecta a todas as comarcas. concretamente neste concello pasa de 59.456 euros en 2016 a 42.505 euros en 2020/2021.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.>>

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao voceiro do PP que intervéñen para propoñer engadir na moción anterior, en concreto na parte da proposta: <<Que se manteña a aportación que se lle da aos Concellos, que xustifican a subvención, como é o noso, e que se cambien ou se teñan en conta os km de pistas de cada Concello; pois moi poucos estamos concentrados ao 100% e vémonos moi condicionados polo mantemento destas infraestruturas básicas para o desenrolo agrogandeiro>>

Aceptada esta addenda, o Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a moción do PSOE, nos seus propios termos coa addenda proposta.

8.2.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE FRADES: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DUNHA AXUDA NOMINATIVA PARA O CENTRO SOCIOCOMUNITARIO.-

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao voceiro do PP, que procede á lectura da moción presentada por rexistro de entrada deste Concello en tempo e forma, co teor literal seguinte:

<<Un dos eixos principais da acción de goberno de Frades, é mellorar a vida da poboación, atendendo todas as súas necesidades e facilitando o acceso aos servizos.

Neste concello no que máis dun 42 % da poboación ten 60 ou máis anos, levamos a cabo unha serie de actuacións de cara a promover o envellecemento activo con servizos que favorecen a permanencia no seu contorno de convivencia. Os obxectivos a acadar son potenciar a autonomía persoal e retardar ou evitar a institucionalización daqueles que así o elixan. Realízanse programas non só para atender ós dependentes senón tamén de prevención da dependencia.

Para seguir mellorando na prestación de ser servizos, o Concello de Frades vén de asinar un convenio coa Consellería de política social para a construción dun centro socio comunitario en Pontecarreira, por un importe de 350.000,00 euros, dos cales a Xunta de Galicia achegará un máximo de 200.000,00 euros, tendo o Concello que aportar o restante.

Este edificio permitiranos dar unha maior cantidade de servizos e unha maior profesionalización e centralización dos que se veñen prestando na actualidade. De aí a importancia que lle dá o Concello a esta infraestrutura.

Para un concello pequeno e rural cun orzamento limitado como é o de Frades, unha cantidade de 150.000,00 resulta un esforzo de moi difícil encaixe.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

No Marco do principio de colaboración que rexe as relacións entre administracións públicas, así como das competencias que a lexislación de réxime local e de servizos sociais atribúe á Deputación Provincial (artigo 36.1 da lei 7/85 de 2 de abril e artigo 63 da lei 13/2008 de 3 de decembro), solicítolle á Deputación da Coruña a concesión dunha axuda nominativa por importe de 150.000,00 euros, para a execución das obras do "Centro Sociocomunitario en Pontecarreira">>.

Tras as deliberacións expostas anteriormente, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e catro abstencións, dos concelleiros do grupo municipal do PSOE, e BNG-GRUPO MIXTO-grupo mixto, ACORDA aprobar a moción, nos seus mesmos termos.

8.3.- A continuación, o Alcalde-Presidente propón incluír por urxencia unha moción na orde do día. Trátase da MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA.-

O Pleno, por unanimidade acorda a urxencia da moción, e conseguintemente, a inclusión dese punto na orde do día da sesión.

A continuación, Sr. Alcalde-Presidente explica a moción, que está redactada co teor literal seguinte:

<<MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

O Grupo Municipal Popular no concello de Frades, con arranxo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra Facenda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "tocaba en el año 2019" e que "ya se perdió esa oportunidade de poder resarcir", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Frades, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. "Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.*
- 2. Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.*
- 3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia.>>*

O Sr. Alcalde- presidente concede a palabra ao voceiro do PSOE, Don Enrique Astray, que afirma que <<Dende o grupo socialista de Frades, queremos recordar que o desprazamento do IVE foi promovido polo Goberno de Mariano Rajoy, sendo Ministro de Facenda, Cristóbal Montoro; no ano 2017. Pero é que, ademáis, o goberno de Pedro Sánchez, na Lei de Orzamentos propoñía unha solución ao dito problema, solución que o PP rexeitou>>.

Tras as deliberacións expostas anteriormente, o Pleno por maioría absoluta, con oito votos a favor, dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e do BNG -grupo mixto, e tres abstencións, dos concelleiros do grupo municipal do PSOE, ACORDA aprobar a moción, nos seus mesmos termos.

9.- INFORMES DA ALCALDÍA.-

O Alcalde procede a informar, entre outras, das seguintes cuestións:

- Rematáronse os traballos de reforma e mellora dos Pavillóns de Abellá e de Pontecarreira.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

- Estanse a executar os Proxectos do POS 2019 e POS complementario 2019:
 1. Camiño de Reboredo á Igrexa (Vitre) e outros.
 2. Camiño de Fontelo á Igrexa de Aiazo e outros.
- Estanse executando por parte de Medio Rural as obras do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR 2019). "Accesos a Mostas e o Zochal en Papucín".
- Estanse executando por parte da Consellería de Medio Ambiente as obras de remodelación da Praza do Centro de Saúde de Abellá.
- Estanse a executar os traballos do INEGA. Substitución de farolas antigas por novas de aforro enerxético, tipo led:
 1. Papucín, Vitre e Frades.
 2. Abellá, Mesos e Gafoi.
- Informo das actividades feitas no CPI de Pontecarreira con motivo do 8M. Día Internacional da muller:
 1. Concurso de carteis na ESO, e realización dun mural co cartel gañador no Pavillón de Abellá (exterior) por parte dun grafitreiro profesional.
 2. Escenificación da obra "Os nenos da mariola", a través do Programa "neneiras, coa participación da Mancomunidade, do Grupo de Desenvolvemento Rural da Comarca de Ordes (ASDECOMOR), e AGADER.
- Informo que a Mancomunidade de Ordes solicitou á Xunta de Galicia os seguintes Proxectos de Emprego:
 1. Obradoiro Xuvenil de 20 alumnos menores de 30 anos.
 2. Plan Integrado de Emprego de 100 participantes.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde- Presidente procede a preguntar aos voceiros dos grupos municipais se teñen rogos e preguntas que formular.

O voceiro do BNG-grupo mixto, por deferencia á Secretaria do Concello, que manifesta que ten que estar en Santiago antes das 15:30 h, non formula ningunha pregunta nin ningún rogo, e os deixa para outro momento. A Secretaria manifesta o seu agradecemento.

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao voceiro do PSOE, que formula preguntas sobre Preiruga a Vitre (camiño canteiro), e Quintás en Céltigos. En concreto formula queixas polo estado dos camiños.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Sr. Alcalde- presidente contesta que xa está programada unha actuación no camiño do canteiro tan pronto como melloren as condicións climatolóxicas, e con respecto a Quintás, contemplado no proxecto do PEIM 2019, esta obra tivo que realizarse antes de finalizar o 2019 para xustificar a subvención e cobrala da Consellería de Medio rural, e nalgún momento da obra choveu, por iso presenta desperfectos, pero ten garantía, así que se lle obrigará á empresa adxudicataria a reparar os desperfectos en canto mellore a climatoloxía.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14:50 h.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ
APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE DATA 15.05.2020**